

A EXPERIENCIA DE "MARIÑEIROS POR UN DÍA"

Margarita Mayoral Dixon (Titora de 4º de ESO)

O venres 26 de abril o alumnado da ESO e de 3º ciclo de Primaria participaron no programa "Mariñeiros por un día" organizado pola Xunta co obxectivo de acercar o mar e a súa realidade aos rapaces e rapazas do interior de Galicia. Por este motivo foron en compañía do alumnado do CPI Daniel Monje de Navia de Suarna. A experiencia resultou moi interesante para eles, posto que dous anos atrás compartiron xuntos a excursión a Murcia das Escolas Viaxeiras organizada por Chus, a anterior Xefa de Estudos de Primaria, en conxunto coa profe de Inglés de Navia de Suarna.

O programa comezou cunha visita á lonxa de Celeiro onde os nenos/as recibiron explicacións ao respecto de de cómo funciona a recepción de peixe a calquera hora e da súa venta inmediata e distribución. Aprenderon a distinguir a frescura dun peixe ao compralo e a diferenza entre unha merluza de pincho e unha de volanda.



Despois de entender porqué a lonxa ten que estar a moi baixa temperatura, con moito frío e bastante mollada, foron descubrir cómo funciona a unidade de salvamento marítimo con sede en Celeiro. Alí tiveron a oportunidade de escoitar a catro socorristas especializados no tema que fixeron alarde da súa ampla preparación e o amor pola súa profesión e que lles permitiron ver todo o seu equipo de salvamento e, a "xoia da coroa", o helicóptero de rescate, o Pesca 2, de fabricación francesa. Alí puideron satisfacer a súa curiosidade montándose nel e mirando e preguntando todo o que quixeron e máis.



Logo seguiu a visita á cofradía de pescadores onde a primeira recepción déullela o encargado da vixianza do marisqueo da zona que fixo alarde do seu coñecemento á vez que os fixo

rir moito poñéndolles aparellos do seu traballo. Acto seguido pasaron a dividilos en tres grupos que rotaron polas tres zonas de explicación: 1.

Utensilios e manexo de emerxencias en alta mar en caso de naufraxio, uso da auga, comida de supervivencia, etc. 2.

Sonar e aparellos específicos do funcionamento dun barco que permiten saber exactamente a ubicación e identidade do barco en caso de emerxencia. 3. Visión da posición dun barco nunha pantalla que permite conducir o barco e movelo en todas as direccións coma se dun coche se tratase... aquí quedaron moi contentos cando por fin puideron afundir o barco ensaiando toda sorte de movementos. A estas alturas xa a fame facía estragos nesta poboación de mariñeiros por un día, así que foron comer ao restaurante que formaba parte da saída, preto da praia de Area. O lugar estaba listo, esperándoos con todas as mesas e cadeiras moi postas a punto para tan ilustres visitantes. Degustaron croquetas, zamburiñas, chipiróns e cachiños de merluza fresca rebozada acompañada de patacas fritidas e xeados de postre.



restaurante que formaba parte da saída, preto da praia de Area. O lugar estaba listo, esperándoos con todas as mesas e cadeiras moi postas a punto para tan ilustres visitantes. Degustaron croquetas, zamburiñas, chipiróns e cachiños de merluza fresca rebozada acompañada de patacas fritidas e xeados de postre.



Ao final aínda lles quedaban ganas de ter un rato para ir por aí pero a choiva e o vento non acompañaban e a interesante excursión acabou cedo, poñendo rumbo aos nosos respectivos colexios pero cun agradable sabor de boca ao poder apreciar todo o esforzo dos homes de mar da nosa Galicia.

Finalmente haberá que darlles un decidido SI á bolsa con que obsequiaron a cada neno e nena que contiña unha camiseta, un boli, un polbiño de plástico e un mapa da zona e na que poñía: HOXE PEIXE!!